

# GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

## ÍNDICE

1.- FICHA TÉCNICA.....	1
2.- ESTRUCTURA DO MATERIAL.....	2
3.- OBXECTIVOS.....	3
4.- SECUENCIAS DE APRENDIZAXE E ACTIVIDADES.....	5
5.- CONTIDOS CURRICULARES, ESTÁNDARES E COMPETENCIAS CLAVE.....	13
6.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.....	17
7.- ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS.....	18
8.- TEMPORALIZACIÓN.....	19
9.- RECURSOS DE AVALIACIÓN.....	19

### 1.- FICHA TÉCNICA

Autora: Claudina Maneiro Arriaga

Ensinanza: Educación Secundaria Obrigatoria

Nivel: 4º curso

Materia: Música

Destinatarios: Alumnado e profesorado

Procedencia: ExeLearning e Moodle

Idiomas: Galego/Inglés

Tipo de Recurso: Curso Moodle

Plataforma: Multiplataforma

Licenza: CREATIVE COMMONS BY-NC-SA (recoñecemento-non comercia-compartir igual)



## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### 2.- ESTRUCTURA DO MATERIAL

Como base da motivación do alumnado, este plan formativo preséntao **DJ Beat** coma a súa **PARTITEKA** (colección e repertorio de partituras), grazas á cal pode crear os seus arranxos musicais e interpretalos en directo ou gravalos coa súa banda.

En cada obradoiro (secuencia de aprendizaxe), ademais de traballar sobre o currículo oficial da materia de música, o alumnado entrará en contacto co mundo da tecnoloxía musical aprofundando no coñecemento e manexo de software musical libre que lle permita crear as súas propias partituras e arranxos musicais.

O proxecto “**A NOSA PARTITEKA**” conta con 4 secuencias de aprendizaxe nas que se afonda na tecnoloxía musical e na interpretación e creación musicais, tendo en conta as diferentes competencias básicas, a transversalidade e o uso didáctico das TIC, sen esquecer a súa tradución ao inglés.

**Pódese traballar dende A NOSA PARTITEKA na súa versión en inglés, *OUR PARTITEKA*, para desenvolver as destrezas lingüísticas do alumnado en seccións bilingües.**

A estrutura da PARTITEKA segue o seguinte esquema:

#### ◆ **FORMACIÓN.**

- **OBRADOIRO 1. EDICIÓN DE PARTITURAS NO MUESCORE:** 5 videotutoriais básicos de utilización do MUESCORE, o software libre de edición de partituras co que se realizarán todos os recursos do proxecto.

#### ◆ **INTERPRETACIÓN.**

- **OBRADOIRO 2. REPERTORIO EN GALEGO:** 10 cancións en galego para interpretar en grupo na aula de música. Contan con actividades de reforzo e tarefas de ampliación.

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

- **OBRADOIRO 3. REPERTORIO EN INGLÉS:** 10 cancións en inglés para interpretar en grupo na aula de música. Contan con actividades de reforzo e tarefas de ampliación.
- ◆ **CREACIÓN.**
  - **OBRADOIRO 4. CREACIÓN MUSICAL. ARRANXOS E COMPOSICIÓN:** 5 videotutoriais básicos para a aproximación á composición e arranxo musicais.

O formato é un **CURSO MOODLE**. Cada **OBRADOIRO** contén:

- **OBRADOIRO:** arquivo con todos os contidos e propostas de tarefas do obradoiro.
- **RÚBRICA:** táboa de puntuacións de cada tarefa desenvolvida.
- **ENTREGA DE TAREFAS:** o alumnado envía cada tarefa feita para que o profesorado as supervise e valore.
- **MULTIAVALIACIÓN:** ao finalizar o obradoiro proposto, o alumnado cubre este informe de multiavaliación para valorar individualmente todo o proceso, o traballo grupal e o seu propio esforzo.
- **ENTREGA MULTIAVALIACIÓN:** o alumnado envía cada informe de multiavaliación cuberto para que o profesorado o supervise.

### 3.- OBXECTIVOS

#### 1.- Edición de partituras no Musescore

- Obxectivo: Coñecer e saber empregar o editor de partituras MUSESCORE, dispoñible no software dos portátiles EDIXGAL.

#### 2.- Interpretación I. Repertorio en galego

- Obxectivos:
  - Coñecer a linguaxe musical

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

- Apreciar a importancia patrimonial da música galega.
- Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.
- Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, pezas musicais, aprendidas mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.

### **3.- Interpretación II. Repertorio en inglés**

- Obxectivos:

- Coñecer a linguaxe musical
- Apreciar a importancia patrimonial da música en inglés.
- Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.
- Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, pezas musicais, aprendidas mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.

### **4.- Creación musical. Arranxos e composición**

- Obxectivos:

- Profundizar na linguaxe musical
- Coñecer as técnicas básica de composición
- Espertar a creatividade á hora de compoñer melodías
- Aprender a desenvolver un acompañamento
- Compoñer unha peza musical e facer arranxos propios utilizando diferentes técnicas e recursos.

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### 4.- SECUENCIAS DE APRENDIZAXE E ACTIVIDADES

#### OBRADOIRO 1.- Edición de partituras no Musescore

##### A. OBXECTIVO:

- Coñecer e saber empregar o editor de partituras MUSESCORE, dispoñible no software dos portátiles EDIXGAL.

##### B. CONTIDOS:

- VIDEOTUTORIAL 1: Practicamos linguaxe musical
- VIDEOTUTORIAL 2: Editamos unha melodía
- VIDEOTUTORIAL 3: Editamos un acompañamento harmónico
- VIDEOTUTORIAL 4: Editamos instrumentos de corda pulsada e tablaturas
- VIDEOTUTORIAL 5: Editamos un acompañamento rítmico

##### C. TAREFAS E ACTIVIDADES:

- ACTIVIDADES DE REFORZO: 5 actividades de escolla verdadeiro/falso para comprensión dos vídeos
- TAREFA DE AMPLIACIÓN: proposta de creación dun arquivo en Musescore seguindo os pasos dos vídeos
- MULTIAVALIACIÓN: informe individual do alumnado para valorar todo o traballo feito no obradoiro

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### D. CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RÚBRICA)

<b>RÚBRICA OBRADOIRO 1.- Edición de Partituras. Tutoriais MuseScore</b>				
ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍNTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>1.- COMPRENSIÓN DE CONTIDOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Visionado completo dos videotutoriais.</li> <li>- Comprensión total dos contidos.</li> <li>- 10 Actividades de Reforzo realizadas correctamente. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Visionado completo dos videotutoriais.</li> <li>- Comprensión total dos contidos.</li> <li>- 8 Actividades de Reforzo realizadas correctamente. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Visionado dos videotutoriais.</li> <li>- Comprensión parcial dos contidos.</li> <li>- 6 Actividades de Reforzo realizadas correctamente. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Visionado incompleto dos videotutoriais.</li> <li>- Escasa comprensión dos contidos.</li> <li>- 5 ou menos Actividades de Reforzo realizadas correctamente. <b>(1)</b></li> </ul>
<b>2.- LINGUAXE MUSICAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da lectura musical individual.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de lectura musical con fluidez e entonación da canción. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da lectura musical individual.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de lectura musical con fluidez da canción. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da lectura musical individual.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Destrezas mínimas coa técnica de lectura musical da canción. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na lectura musical individual.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas coa técnica de lectura musical da canción. <b>(1)</b></li> </ul>
<b>3.- PRÁCTICA EDICIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da edición de partituras individual.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada cos videotutoriais.</li> <li>- Dominio da técnica de edición no MuseScore. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da edición de partituras individual.</li> <li>- Aprendizaxe guiada cos videotutoriais e indicacións da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de edición no MuseScore. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da edición de partituras individual.</li> <li>- Aprendizaxe guiada cos videotutoriais e indicacións da profesora.</li> <li>- Destrezas mínimas coa técnica de edición no MuseScore. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na práctica da edición de partituras individual.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas coa técnica de edición no MuseScore. <b>(1)</b></li> </ul>
<b>4.- DESENVOLVEMENTO TAREFAS DE AMPLIACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na profundización e investigación de coñecementos complementarios.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada coa axuda de recursos multimedia.</li> <li>- Tarefas entregadas e presentadas correctamente con esquema formal. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na investigación de coñecementos complementarios.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa axuda de recursos multimedia e a profesora.</li> <li>- Tarefas entregadas e presentadas correctamente con esquema formal. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na investigación de coñecementos complementarios.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa axuda de recursos multimedia e a profesora.</li> <li>- Tarefas entregadas correctamente con esquema formal. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na investigación de coñecementos complementarios.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas para a investigación.</li> <li>- Tarefas non entregadas ou sen esquema formal. <b>(1)</b></li> </ul>

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### OBRADOIRO 2.- Interpretación I. Repertorio en Galego

#### A. OBXECTIVOS:

- Coñecer a linguaxe musical
- Apreciar a importancia patrimonial da música galega.
- Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.
- Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, pezas musicais, aprendidas mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.

#### B. CONTIDOS: 10 cancións galegas co seguinte esquema:

- **VERSIÓN ORIXINAL:** información sobre as cancións
- **AUDIO E LETRA:** son e letra das cancións
- **ARRANXO MUSICAL:** partitura xeral e particella de cada instrumento en 3 formatos: musescore, pdf, xml

#### C. TAREFAS E ACTIVIDADES:

- **ACTIVIDADES DE REFORZO:** 10 actividades de escolla múltiple para comprensión da información das cancións
- **TAREFAS DE AMPLIACIÓN:** 2 propostas de afondamento técnico, musical e culturas sobre as cancións
- **MULTIAVALIACIÓN:** informe individual do alumnado para valorar todo o traballo feito no obradoiro



## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### D. CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RÚBRICA)

<b>RÚBRICA OBRADOIRO 2.- Interpretación. Repertorio en Galego</b>				
ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍNTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>1.- INVESTIGACIÓN MUSICOLÓXICA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informe cuberto con información correcta contrastada, incorporación de ideas propias, boa redacción, sen erros ortográficos.</li> <li>- Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos con permisos para utilízalos. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informe cuberto con información correcta, boa redacción, sen erros ortográficos.</li> <li>- Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos con permisos para utilízalos. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informe cuberto con información correcta, sen erros ortográficos.</li> <li>- Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informe cuberto con información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos.</li> <li>- Non inclúe enlaces nen recursos. <b>(1)</b></li> </ul>
<b>2.- LECTURA MUSICAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da lectura musical individual.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de lectura musical con fluidez e entonación da canción. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da lectura musical individual.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de lectura musical con fluidez da canción. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da lectura musical individual.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Destrezas mínimas coa técnica de lectura musical da canción. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na lectura musical individual.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas coa técnica de lectura musical da canción. <b>(1)</b></li> </ul>
<b>3.- INTERPRETACIÓN INDIVIDUAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>-Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>-Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Destrezas mínimas coa técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas coa técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(1)</b></li> </ul>
<b>4.- INTERPRETACIÓN GRUPAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Destrezas mínimas coa técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas coa técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(1)</b></li> </ul>



## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### OBRADOIRO 3.- Interpretación II. Repertorio en Inglés

#### A. OBXECTIVOS:

- Coñecer a linguaxe musical
- Apreciar a importancia patrimonial da música en inglés.
- Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.
- Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, pezas musicais, aprendidas mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.

#### B. CONTIDOS: 10 cancións en inglés co seguinte esquema:

- **VERSIÓN ORIXINAL:** información sobre as cancións
- **AUDIO E LETRA:** son e letra das cancións
- **ARRANXO MUSICAL:** partitura xeral e particella de cada instrumento en 3 formatos: musescore, pdf, xml

#### C. TAREFAS E ACTIVIDADES:

- **ACTIVIDADES DE REFORZO:** 10 actividades de escolla múltiple para comprensión da información das cancións
- **TAREFAS DE AMPLIACIÓN:** 2 propostas de afondamento técnico, musical e culturas sobre as cancións
- **MULTIAVALIACIÓN:** informe individual do alumnado para valorar todo o traballo feito no obradoiro

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### D. CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RÚBRICA)

<b>RÚBRICA OBRADOIRO 3.- Interpretación. Repertorio en Inglés</b>				
ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>1.- INVESTIGACIÓN MUSICOLÓXICA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informe cuberto con información correcta contrastada, incorporación de ideas propias, boa redacción, sen erros ortográficos.</li> <li>- Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos con permisos para utilizalos. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informe cuberto con información correcta, boa redacción, sen erros ortográficos.</li> <li>- Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos con permisos para utilizalos. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informe cuberto con información correcta, sen erros ortográficos.</li> <li>- Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informe cuberto con información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos.</li> <li>- Non inclúe enlaces nen recursos. <b>(1)</b></li> </ul>
<b>2.- LECTURA MUSICAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da lectura musical individual.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de lectura musical con fluidez e entonación da canción. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da lectura musical individual.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de lectura musical con fluidez da canción. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da lectura musical individual.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Destrezas mínimas coa técnica de lectura musical da canción. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na lectura musical individual.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas coa técnica de lectura musical da canción. <b>(1)</b></li> </ul>
<b>3.- INTERPRETACIÓN INDIVIDUAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>-Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>-Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Destrezas mínimas coa técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas coa técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(1)</b></li> </ul>
<b>4.- INTERPRETACIÓN GRUPAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa partitura e indicacións e recursos da profesora.</li> <li>- Destrezas mínimas coa técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas coa técnica de cada instrumento ou voz na interpretación da canción. <b>(1)</b></li> </ul>

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### **OBRADOIRO 4.- Creación Musical. Arranxos e Composición**

#### **A. OBXECTIVOS:**

- Profundizar na linguaxe musical
- Coñecer as técnicas básica de composición
- Espertar a creatividade á hora de compoñer melodías
- Aprender a desenvolver un acompañamento
- Compoñer unha peza musical e facer arranxos propios utilizando diferentes técnicas e recursos.

#### **B. CONTIDOS:**

- **VIDEOTUTORIAL 1: Arranxo musical**
- **VIDEOTUTORIAL 2: Ecomposición musical**
- **VIDEOTUTORIAL 3: Creamos unha melodía**
- **VIDEOTUTORIAL 4: Desenvolvemos un acompañamento harmónico**
- **VIDEOTUTORIAL 5: Desenvolvemos un acompañamento rítmico**

#### **C. TAREFAS E ACTIVIDADES:**

- **ACTIVIDADES DE REFORZO:** 5 actividades de escolla verdadeiro/falso para comprensión dos vídeos
- **TAREFA DE AMPLIACIÓN:** proposta de creación e arranxo musical seguindo os pasos dos vídeos
- **MULTIAVALIACIÓN:** informe individual do alumnado para valorar todo o traballo feito no obradoiro

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### D. CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RÚBRICA)

<b>RÚBRICA OBRADOIRO 4.- Creación Musical. Arranxos e Composición</b>				
ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>1.- COMPRENSIÓN DE CONTIDOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Visionado completo dos videotutoriais.</li> <li>- Comprensión total dos contidos.</li> <li>- 10 Actividades de Reforzo realizadas correctamente. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Visionado completo dos videotutoriais.</li> <li>- Comprensión total dos contidos.</li> <li>- 8 Actividades de Reforzo realizadas correctamente. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Visionado dos videotutoriais.</li> <li>- Comprensión parcial dos contidos.</li> <li>- 6 Actividades de Reforzo realizadas correctamente. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Visionado incompleto dos videotutoriais.</li> <li>- Escasa comprensión dos contidos.</li> <li>- 5 ou menos Actividades de Reforzo realizadas correctamente. <b>(1)</b></li> </ul>
<b>2.- CREACIÓN MUSICAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na creación e composición musical individual e grupal.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada cos indicacións dos videotutoriais e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de arranxo e composición musical. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na creación e composición musical individual e grupal.</li> <li>- Aprendizaxe guiada cos indicacións dos videotutoriais e recursos da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de arranxo e composición musical. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na creación e composición musical individual.</li> <li>- Aprendizaxe guiada cos indicacións dos videotutoriais e recursos da profesora.</li> <li>- Destrezas mínimas coa técnica de arranxo e composición musical. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na creación e composición musical.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas coa técnica de arranxo musical. <b>(1)</b></li> </ul>
<b>3.- PRÁCTICA EDICIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da edición de partituras individual.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada cos videotutoriais.</li> <li>- Dominio da técnica de edición no MuseScore. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da edición de partituras individual.</li> <li>- Aprendizaxe guiada cos videotutoriais e indicacións da profesora.</li> <li>- Dominio da técnica de edición no MuseScore. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica da edición de partituras individual.</li> <li>- Aprendizaxe guiada cos videotutoriais e indicacións da profesora.</li> <li>- Destrezas mínimas coa técnica de edición no MuseScore. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na práctica da edición de partituras individual.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas coa técnica de edición no MuseScore. <b>(1)</b></li> </ul>
<b>4.- DESENVOLVEMENTO TAREFAS DE AMPLIACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na profundización e investigación de coñecementos complementarios.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada coa axuda de recursos multimedia.</li> <li>- Tarefas entregadas e presentadas correctamente con esquema formal. <b>(2,5)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na investigación de coñecementos complementarios.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa axuda de recursos multimedia e a profesora.</li> <li>- Tarefas entregadas e presentadas correctamente con esquema formal. <b>(1,75)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na investigación de coñecementos complementarios.</li> <li>- Aprendizaxe guiada coa axuda de recursos multimedia e a profesora.</li> <li>- Tarefas entregadas correctamente con esquema formal. <b>(1,50)</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na investigación de coñecementos complementarios.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas para a investigación.</li> <li>- Tarefas non entregadas ou sen esquema formal. <b>(1)</b></li> </ul>

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### 5.- CONTIDOS CURRICULARES, ESTÁNDARES E COMPETENCIAS CLAVE

“A NOSA PARITEKA” aborda o currículo práctico da materia de música en profundidade, preparando ao alumnado para os vindeiros cursos.

Os contidos que serán traballados fan referencia aos contemplados na programación anual da materia de música para o curso 4º ESO no IES Campo de San Alberto, centrados na escoita, interpretación e creación musical, nos contextos musicais e tecnoloxía musical. Serán secuenciados seguindo o esquema das Unidades Didácticas do presente proxecto.

<b>INTERPRETACIÓN E CREACIÓN</b>	
CONTIDOS	ESTÁNDARES
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.</li> <li>■ B1.2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.</li> <li>■ MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.</li> <li>■ MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.</li> <li>■ MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.</li> </ul>

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

<b>ESCOITA</b>	
CONTIDOS	ESTÁNDARES
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B2.1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.</li> <li>■ MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B2.4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeseo utilizando unha terminoloxía axeitada.</li> <li>■ MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.</li> <li>■ MUB2.4.3. Aмосa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas..</li> </ul>

<b>CONTEXTOS MUSICAIS</b>	
CONTIDOS	ESTÁNDARES
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B3.1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ MUB3.1.1. Aмосa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ B3.2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.</li> <li>■ B3.3. Manifestacións musicais doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.</li> <li>■ MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.</li> </ul>

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

<b>MÚSICA E TECNOLOXÍA</b>	
CONTIDOS	ESTÁNDARES
■ B4.1. Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.	■ MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.
■ B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.	■ MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.
■ B4.7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.	■ MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. ■ MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.

### DESCRIPCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE A TRABALLAR

#### ◆ **Competencia cultural e artística.**

- Linguaxe musical: Lectura e creación de partituras de diversos estilos musicais: tradicionais, clásicos e contemporáneos.
- Audicións e análises de diferentes estilos musicais.
- Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado da música e da contaminación sonora.
- Interese por aprender cancións, rimas, audicións e danzas, así como polas manifestacións culturais máis diversa.



## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### ◆ Competencia en comunicación lingüística

- Adquisición dun vocabulario musical básico en galego e inglés.
- Adquisición dunha fluidez básica á hora de comunicarse en inglés.
- Uso da linguaxe oral e escrita para a interpretación de obras sonoras, propias e alleas.

### ◆ Competencia social e cidadá

- Interpretación conxunta de cancións e pezas musicais
- Planificación e xestión de traballos colaborativos.
- Estimulación da libre expresión de ideas.

### ◆ Tratamento da información e competencia dixital

- Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento, a creación e o gozo da música.
- Utilización de procedementos, programas e técnicas dixitais aplicadas á música: software musical e audiovisual, actividades TIC, WEBS, plataformas online...
- Utilización de hardware necesario para a creación audiovisual.
- Coñecemento das fontes de información e a súa aplicación no proceso de aprendizaxe.
- Capacidade crítica do alumnado para poder valorar as fontes.

### ◆ Competencia para aprender a aprender

- Realizar actividades prácticas para consolidar e avaliar a aprendizaxe.
- Superación de dificultades e desinhibición ó comunicarse nunha lingua estranxeira.
- Aceptación dos propios erros como algo natural e como avance na aprendizaxe e disposición para superar as dificultades que xorden na comunicación na lingua estranxeira.

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### ◆ **Autonomía e iniciativa persoal**

- Uso da intuición, a indagación, a experimentación e a investigación na creación artística.
- Interpretación conxunta de cancións e pezas musicais
- Planificación e xestión de traballos colaborativos.
- Estimulación da libre expresión de ideas.
- Creatividade á hora da creación audiovisual.

### ◆ **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Identificación e reflexión sobre o exceso de ruído a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música.
- Posta en común das creacións audiovisuais na aula e nas plataformas virtuais.

### ◆ **Competencia matemática**

- Uso de conceptos básicos da xeometría, a proporción e a harmonía, como parte esencial da creación e interpretación musical.
- O código musical como sistema matemático.
- Comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas.

## 6.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

O plan formativo **A NOSA PARTITEKA** favorece:

- ◆ A capacidade do alumnado de aprender por si mesmos e promove a aprendizaxe en equipo.
- ◆ Unha metodoloxía por proxectos activa e participativa, o traballo individual e cooperativo do alumnado así como o logro dos obxectivos e das competencias.
- ◆ Enfoque multidisciplinar do proceso educativo, centrado na música e materias complementarias coma a audiovisual.

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

- ◆ A diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cada un. Os mecanismos de reforzo poranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e poderán ser tanto organizativos coma curriculares.
- ◆ A integración e uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
- ◆ Ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de varias competencias ao mesmo tempo.

### 7.- ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

Este recurso educativo está indicado para o traballo na aula de informática ou na aula de referencia cando esta dotada cun **portátil para cada alumno/a**, como poden ser as aulas do Proxecto EDIXGAL.

Así mesmo, complementábase con actividades na aula de música, en contacto directo co material musical e audiovisual.

Todo o plan formativo deberá ser adaptado á realidade de cada grupo e aula de música polo profesorado interesado en poñelo en práctica.

Algunhas consideracións didácticas:

- Ensinar ó alumnado cal é o obxectivo principal a acadar en cada obradoiro: Que imos facer? Que imos aprender? Como e para que?
- Dar a coñecer como será a avaliación e cales son os seus recursos: rúbricas, multiavaliación.
- Facer un continuo seguimento do traballo do alumnado, asegurándose que saben en todo momento que é o que teñen que facer e para que o fan.
- Reflexionar co alumnado sobre o proceso de aprendizaxe ao rematar cada tarefa e cada obradoiro.

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

### 8.- TEMPORALIZACIÓN

Este plan formativo está deseñado para desenvolverse ao longo dun curso académico, cunha adicación de tres sesións semanais.

### 9.- RECURSOS DE AVALIACIÓN

- Análise e valoración de cada tarefa en función da rúbrica correspondente
- Informe individual de Multiavaliación: avaliación de cada obradoiro, autoavaliación e coavaliación
- Observación directa do docente

A **RETROALIMENTACIÓN** ás aprendizaxes farase a través de do seguinte **INFORME DE MULTIAVALIACIÓN** que o alumnado individualmente cubrirá en cada obradoiro, así como das **PRODUCCIÓNS (TAREFAS E INTERPRETACIÓN GRUPAIS)** realizadas en cada secuencia de aprendizaxe:

AVALIACIÓN OBRADOIRO		
Individualmente avaliaremos os CONTIDOS que traballamos neste obradoiro.		
Cal era o obxectivo do obradoiro?	-	
Conseguimos cumprir o obxectivo? Por que?	- -	
Tivemos que preparar este repertorio:	1.-	6.-
	2.-	7.-
	3.-	8.-
	4.-	9.-

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

	5.-	10.-
<b>As cancións que máis me gustaron foron:</b>		
<b>Incluiría no obradoiro:</b>		
<b>Excluiría do obradoiro:</b>		

<b>AUTOAVALIACIÓN</b>				
<b>Individualmente avaliaremos o TRABALLO que realizamos neste obradoiro.</b>				
	<b>4 SEMPRE</b>	<b>3 MOITAS VECES</b>	<b>2 OCASIONALMENTE</b>	<b>1 POUCAS VECES</b>
<b>Participei activa e responsablemente</b>				
<b>Cumprín os prazos</b>				
<b>Aportei ideas e recursos ás tarefas grupais</b>				
<b>Contribuí a que outros participaran</b>				

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

<b>Escoitei e valorei o traballo dos meus compañeiros</b>				
<b>Levei os traballos ó día</b>				
<b>3 cousas que aprendín neste obradoiro:</b>	-			
	-			
	-			
<b>As actividades que máis me axudaron a aprender foron:</b>	-			
	-			
	-			
<b>Os problemas e dificultades cos que me atopei foron:</b>	-			
	-			
	-			
<b>Solucionei os problemas deste xeito:</b>	-			
	-			

<b>COAVALIACIÓN</b>						
<b>Individualmente avaliaremos o TRABALLO que realizaron cada COMPAÑEIRO e COMPAÑEIRA neste obradoiro.</b>						
<b>COMPAÑEIRO/A</b>	<b>TRABALLO EN GRUPO</b>	<b>COMPRESIÓN</b>	<b>MOTIVACIÓN</b>	<b>AXUDA</b>	<b>CALIDADE TRABALLO</b>	<b>PUNTOS TOTAIS</b>

## GUÍA DIDÁCTICA “A NOSA PARTITEKA”

CRITERIOS DE PUNTUACIÓN NA COAVALIACIÓN				
	4 PUNTOS	3 PUNTOS	2 PUNTOS	1 PUNTO
<b>Traballo en grupo</b>	Contribuíu de forma continuada e consistente ó traballo do grupo.	Contribuíu ó traballo do grupo.	Contribuíu pouco ó traballo do grupo.	Non contribuíu ó traballo do grupo.
<b>Comprensión</b>	Comprende perfectamente os contidos e as tarefas a realizar.	Comprende bastante os contidos e as tarefas a realizar	Comprende pouco os contidos e as tarefas a realizar.	Non demostra comprende os contidos e as tarefas a realizar.
<b>Motivación</b>	Está motivado/a e motiva ó resto dos compañeiros/as.	Está motivado/a para participar no traballo.	Está pouco motivado/a para participar no traballo do grupo.	Non está motivado/a para participar no traballo.
<b>Axuda</b>	Axuda sempre ós demais e é flexible nas decisións e no traballo.	Axuda bastante ós demais e é flexible nas decisións e no traballo.	Axuda pouco ós demais e non é moi flexible nas decisións e no traballo.	Non axuda ós demais e non é flexible nas decisións e no traballo.
<b>Calidade do traballo</b>	Fixo un traballo moi bo.	Fixo un traballo bo.	Fixo un traballo mediocre.	O grupo estaría mellor sin el/ela.